

Linguas mortas

Cando era estudante de filoloxía, había un fenómeno que me agoniaba tremendamente e era a visión das linguas como organismos vivos, cun proceso inevitable de xestación, crecemento, reprodución, debilitamento e morte. As pegadas na *rosetta* dunha civilización, que tantos séculos custou descifrar; os enigmas incontables da última falante nunha remota aldea da India; como podería desaparecer unha lingua e con ela momificarse unha cultura sen pena nin gloria.

Nos últimos tempos unha ten a sensación, e moito máis que a sensación, a conciencia de que o pobo galego está asistindo irremediabilmente á extinción da súa lingua vernácula. Que o seu sentido, o sentido da súa existencia está valorado en función de non sei que razón utilitarista, tan absurda como a de poñerse a debater para que serve a pintura ou a poesía.

Manter o uso cotián do galego pode ser un compromiso persoal, pero mantelo nas aulas como parte da formación do estudantado é un compromiso político do que vai depender a súa supervivencia. Como coa música, a pintura, etc. Nin @s proxenitores nin quen dirixa os centros públicos é quen para decidir que materias deben impartirse no ensino. Resulta dunha irresponsabilidade suprema dar a elixir si se quere estudar ou non a lingua da propia comunidade. Por aí empeza a incoherencia. O desprezo polo galego nos plans de ensino da Xunta de Galicia poden ter consecuencias irreparables para a nosa lingua.

E se nos poñemos a pensar con coherencia, a que lle debe a vida un goberno galego, que razón de ser ten un goberno dun país que non protexe con uñas e dentes unha manifestación tan xenuína como a propia lingua. Que desapareza a cultura galega e tamén os riscos diferenciadores e as súas institucións que non protexen os intereses do país.

Vemos como nos abocan a ser mediocres, a ir mimetizándonos cos que pensan que tendo unha lingua española "pa entendernos" para que se queren dúas.

E dentro duns séculos lerán as xeracións vindeiras unha Rosetta bilingüe: galego-chinés.